

Recoñecemento da Asociación Española de Franquías (AEF)**EROSKI, PREMIO Á FRANQUÍA
QUE MÁIS EMPREGO CREA**

- **666 novos postos de traballo xeráronse por mor da apertura de novos supermercados franquizados durante o 2014 e o primeiro semestre do 2015**
- **Durante este período, EROSKI abriu 110 supermercados franquizados cun investimento superior aos 29 M€**
- **EROSKI franquía o seu novo modelo de tenda "contigo" baseado nun trato máis personalizado, a liberdade de elección do consumidor, a especialización en alimentos frescos e un maior protagonismo dos produtos locais**

Elorrio, 01 de outubro do 2015.- [EROSKI](#) recibiu o premio á Empresa Franquiadora que creou máis Postos de Traballo no 2014 e durante o primeiro semestre do 2015, no marco da 3ª edición de [Frankinorte](#), o Salón da Franquía celebrado recentemente. A cooperativa creou 666 postos de traballo entre o 2014 e o primeiro semestre do 2015 por mor da apertura de 110 establecementos franquizados, cun investimento superior aos 29 millóns de euros.

O director de franquías de EROSKI, Enrique Martínez manifestou a súa satisfacción por recibir este recoñecemento. *"En EROSKI estamos a compartir o noso novo modelo comercial "contigo" con distintos emprendedores. Ofrecémoslle un modelo de negocio competitivo, rendible e sólido a quen decide abrir unha tenda con algunha das nosas insignias. A nosa cultura cooperativa de autoxestión encaixa perfectamente coa filosofía dos emprendedores que apostan pola creación da súa propia empresa e que buscan o respaldo de profesionais de ampla experiencia, o apoio dunha grande empresa e unha marca de confianza".*

A cooperativa é recoñecida así polo seu plan de expansión de franquías que prevé concluír o exercicio con 100 novos supermercados franquizados, focalizando a súa expansión principalmente en Andalucía, Madrid, Castela A Mancha, Cataluña, Extremadura e Levante. O trato máis personalizado, a liberdade de elección do consumidor, a especialización en alimentos frescos e un maior protagonismo dos produtos locais son os principais sinais de identidade das novas tendas "contigo".

Distintas insignias para unha estratexia franquidora multiformato

EROSKI ofrece varias insignias franquizadas, diferenciadas por formato de tenda ou zona xeográfica. Así, ofrece un modelo de franquía integral, coas insignias EROSKI/city (Caprabo en Cataluña), para supermercados entre 250 e 500 m² que

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

www.eroski.es > [Notas de prensa](#)
www.consumer.es

seguen o novo modelo comercial "contigo" que actualmente impulsa a cooperativa. Ademais, EROSKI tamén ofrece outras opcións en franquía como as insignias Aliprox e Onda (Aprop en Baleares) cunha fórmula máis flexible e adaptable a locais entre 200 e 250 m². Ademais, a apertura en marzo do primeiro hipermercado franquiado en Tarragona permitiu trasladar por primeira vez o saber-facer como franquizador de EROSKI tamén ao segmento de hipermercados.

Premio Nacional á Mellor Franquía de Comercio

Recentemente EROSKI presentoulle á súa comunidade de franquizados o programa "contigo en franquía", unha iniciativa pioneira no sector das franquías que lles ofrece aos seus franquizados formación comercial, servizos e vantaxes personalizadas, información de produto e ferramentas para optimizar a xestión das tendas. EROSKI recibiu o pasado ano o Premio Nacional á Mellor Franquía de Comercio.

O obxectivo do programa é recoñecer o compromiso de EROSKI cos franquizados e viceversa. *"O programa nace para lle conferir máis valor á relación cos nosos franquizados e avanzar cara a un modelo de franquía cunha maior vinculación co franquizado, abrindo tamén novas canles para articular a súa participación nas políticas comerciais postas en marcha"* explica Enrique Martínez.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

www.eroski.es > [Notas de prensa](#)
www.consumer.es